



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 452/143

CONTA XERAL 2025

DILIXENCIA.

Á secretaría do Pleno

Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2024, rendida polo Excelentísimo Sr. Alcalde-Presidente, mediante Resolución con data do 17 de abril de 2026 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión do 23 de abril de 2026 foi exposta ao público polo prazo que regula o art. 212.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 78, do 27 de abril de 2026, polo prazo legalmente establecido de quince días hábiles, outorgados para a presentación de reclamacións, reparos ou alegacións, o cal finalizou o 19 de maio de 2026, e segundo consta na comunicación do Rexistro que figura no expediente, no prazo de exposición o público, non houbo reclamación algunha, e ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 212.4 do TRLRFL, sométese á consideración do Pleno da Corporación.

De acordo co procedemento regulado no artigo 212.4 do TRLRFL, e en consonancia co propio ditame da Comisión Especial de Contas —no que se prevía que, de non presentarse reclamacións, o Secretario da Comisión remitiría o expediente á Secretaría do Pleno logo de certificación acreditativa—, procédese a someter a Conta Xeral á consideración e aprobación definitiva do Pleno da Corporación

Envíase o expediente electrónico para a súa inclusión na sesión plenaria ordinaria do mes de xuño.

En Vigo, a data da sinatura electrónica

O Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/06/2026 08:01	Páxina 1 de 1
452-143	CSV: A4B8B9-2DECA4-23A732-2B49AY-GZN6SL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		